

# PROTOCOLO EXAMES SETEMBRO ESO

- O alumnado accederá ao centro pola porta lateral de Secundaria.
- Ao entrar ao recinto escolar deberá levar máscara, desinfectarse as mans con xel hidroalcohólico (xa dispoñible no centro) e manter a distancia de seguridade.
- O alumnado dirixirase á aula de 1º ESO/2º ESO para realizar o exame, a excepción do alumnado de educación física que terá que agardar na entrada do patio cuberto. Ao finalizar, deberá abandonar o recinto escolar ata a hora do seguinte exame.
- Está terminantemente prohibido transitar polo centro ou permanecer nos corredores ou no patio do colexio. Para o uso dos aseos, deberase avisar ao profesorado.
- **Só estará permitida a entrada ao recinto escolar ao alumnado con materias pendentes no horario marcado para o seu exame.**
- O alumnado deberá traer o material necesario para o exame (calculadora, bolígrafo, lápis, goma, follas de exame, etc.). **Estará prohibido compartir o material.**
- Por seguridade, o alumnado deberá seguir en todo momento as instrucións do profesorado.